

# Copora manda

Entroido 2024  
IES Xoán Montes

## Luns, 5 de febreiro: día verde para o valor ecolóxico

"Este luns, Copora di,  
vestide de **verde**, escoitade aquí  
unha peza, grande ou pequeniña,  
para lembrar a Terra, a nosa casiña."



## Martes, 6 de febreiro: día da expresión das emocións

"Martes de sentimentos, na cara unha sinal,  
un **corazón pintado**, símbolo xeral;  
mostrade as emocións, con respecto e con amor  
que Copora anima a esta expresión de cor."



## Mércores, 7 de febreiro: día da expresión

"Copora ao mércores chama,  
algo na **gorxa**, sen drama:  
bufanda, lazo ou pano,  
para que a nosa voz se escoite ano tras ano."



## Xoves, 8 de febreiro: día do camiño ao futuro

Xoves de orixinalidade nos pés,  
**calzado** distinto, calcetín ou cordón;  
un paso cara ao futuro, con estilo e diversión  
Copora di: "Mostrade a vosa propia versión".



## Venres, 9 de febreiro: día da celebración

Venres festivo, diversión e cor,  
algo na cabeza ou **de conto** disfrazados mellor;  
Copora invita, con gran emoción,  
a ser **personaxes de ficción!**

